The background features a repeating pattern of stylized pencils. Each pencil is represented by three vertical lines of varying heights, with a pointed top and a pointed bottom. The pencils are arranged in a grid-like fashion, creating a rhythmic, architectural feel.

**A LINGUA GALEGA
NA EDUCACIÓN
INFANTIL DE GALIZA
DE 3 A 6 ANOS**

Curso 2016/2017

A MESA POLA
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA

©2017 Tatiana Vázquez Vieites e Vicente Baz, polas enquisas
©2017 A Mesa pola Normalización Lingüística

Avenida de Lugo 2A entresollado A
15702 Santiago de Compostela
www.amesa.gal

Consideracións previas

- 1** A enquisa realizouse no primeiro trimestre do curso 2016/17 por medio dunha entrevista telefónica a 941 centros galegos públicos e privados, de educación infantil de 3 a 6 anos.
 - 1.1. Un 88, 29% dos centros entrevistados realizaron a enquisa sobre a lingua das familias proposta pola Xunta.

- 2** Mantense a escasa fiabilidade das respostas sobre a distribución horaria, pois cómpre considerar a especificidade da educación infantil que, a diferenza de educación primaria e secundaria, conta con áreas globalizadas (en maior medida nos centros con aulas unitarias) que imposibilitan unha cuantificación máis exacta da distribución materia-lingua vehicular-horas lectivas.
 - 2.1. Só se consigna «100% castelán» no caso de que así o manifesten explicitamente os entrevistados ou nos casos onde o centro contou como únicas horas en galego a celebración de datas concretas (Día das Letras Galegas ou outras datas relevantes). Estableceuse o criterio de computar estes casos como «100% en castelán» xa que a excepción dun día ao ano non pode ser computada nin sequera como achegamento mínimo á lingua de Galiza.
 - 2.2. Reflicítese os datos dos que declaran «50% en galego», aínda que non se corresponda co resultado da enquisa realizada ás familias e que mesmo non utilicen material didáctico en galego, nin sequera fichas ou outros soportes elaborados polo profesorado. Entendemos ese 50% como indicativo dunha intencionalidade de distribución equiparada de ambas as linguas equiparada de ambas as linguas, xa que a separación exacta do 50% entre estas é imposíbel en termos cuantitativos na educación infantil. Ese dato inclúese na resposta 50%.
 - 2.3. A resposta «segundo decreto» é unha forma de amparo á distribución lingüística dos centros que na maioría dos casos favorece o castelán. Tamén é considerábel a presenza desta resposta como un indicador do descoñecemento por parte do profesorado do actual decreto. Este descoñecemento fica ao descuberto ao se realizar a enquisa ás familias proposta pola Xunta na maior parte dos centros, a maioría destes, sen saber que foi declarada ilegal como medio para decidir a lingua na que se impartirían as materias polo TSXG no ano 2012, que anulou ese (entre outros) artigo do decreto 79/2010.
 - 2.4. Cómpre interpretar con prudencia algunhas das variacións nas porcentaxes con respecto ás respostas dadas polos centros en ocasións anteriores, xa que nalgúns casos non responden tanto a mudanzas reais na práctica lingüística na aula como á moderación nas respostas na procura da opción máis «politicamente correcta». Sería o caso de Vigo, por exemplo, onde vemos que os centros que o ano pasado manifestaban que só empregaban o castelán descendeu un 20,84%, mentres que os que respondían que utilizaban maioritariamente castelán pasou dun 0% o curso pasado a un 17% no actual.

- 3** Na análise das preguntas sobre material cómpre indicar que destaca a maior presenza de material audiovisual en inglés en comparación con material audiovisual en galego.

- 4** Ao ser un estudo de moitos casos, unha grande parte son pouco representativos ao se tratar de centros pequenos que contan con pouco alumnado. Para evitar un nesgo de representatividade dividimos os centros por concellos e intervalos de poboación, de forma que non se obviasen as diferenzas entre o número de alumnos de cada centro.

- 5** Como engadimos nas conclusións, este estudo é unha estimación dentro das posibilidades dunha entidade social como A Mesa pola Normalización Lingüística. É a Xunta a través da Consellaría de Educación quen ten as ferramentas e a capacidade de facer un estudo máis amplo e concreto. Na actualidade dispón de datos do que indican os propios centros, mais cómpre un achegamento directo aos centros para coñecer a realidade.

Conclusións

- 1** Obsérvase unha fractura no emprego do galego entre o rural e o urbano (7 cidades). Nas sete cidades mantense o castelán como lingua predominante, relegando o galego a un segundo plano cunha baixa presenza tanto na distribución lingüística como na lingua das crianzas.

Esta situación contrasta coa maioría dos centros do rural onde o galego é a lingua predominante, observamos que hai unha relación directa entre os centros do ámbito rural con menor poboación e o maior uso do galego, é dicir, nos centros de carácter máis urbano e que contan con maior número de alumnado, aumenta o uso do castelán.

- 2** Ao final do estudo, facemos unha comparativa co curso 2015/2016 empregando o estudo feito por esta mesma entidade na cal se analizou centros privados e públicos nas sete cidades galegas.
- 3** O pequeno incremento do galego demostra que a mobilización social, a acción das entidades favorábeis á normalización e a implicación do profesorado, continúa a ser o único elemento de avance para o galego nos ámbitos máis desgaleguizados, malia mostrar unha lentitude que se explica en ter toda unha administración en contra dos pequenos avances. A sociedade impulsa a lingua en solitario, mais é un impulso insuficiente sen a colaboración da administración pública galega.
- 4** Con respecto ao material en galego e inglés dos centros, sinalamos a utilización de material audiovisual de diferentes editoriais en inglés e tamén páxinas web, porén, atopamos unha ausencia deste tipo de material en galego. A súa simple existencia depende exclusivamente da iniciativa social ou privada, e a adquisición por parte dos centros, depende da iniciativa do profesorado só nalgúns casos coa axuda dos concellos, sen intervención da Xunta de Galiza.

Constan entre as editoriais máis empregadas con material en galego: S.M, Xerais e Santillana. Os contos máis empregados son OQO, os Bolechas e Kalandraka.

Salientamos que moitos centros demandan máis facilidade para conseguir material en galego por parte da Xunta de Galiza.

- 5** En relación ao punto anterior, a alta dependencia da iniciativa social ou privada con material en galego, e a ausencia deste en moitos formatos (a nivel dixital ou audiovisual) imposibilita na práctica a educación 100% en galego, aínda que for a intención do centro.
- 6** Na pregunta aberta ao profesorado, unha grande parte dos centros, tanto no rural coma na cidade, coinciden en destacar que nos últimos 5-10 anos se acentuou o descenso no uso do galego entre os máis novos; aumentando os nenos/as que xa non teñen contacto coa lingua e para os que o galego é coma unha lingua estranxeira. Sinalan que hai un claro deterioro das competencias para falar en galego por parte das nenas e nenos. A normativa legal é a culpábel do gran retroceso destes últimos anos. Dende as institucións ten que haber un cambio, e mudar as políticas lingüísticas que están extinguindo pouco a pouco a nosa lingua.

Algunhas crianzas galegofalantes con compañeirás castelanfalantes, mudan ao castelán para socializar con elas; a situación inversa practicamente non sucede. O máis preocupante é que crianzas galegofalantes muden a súa lingua permanentemente cando se atopan nun entorno moi castelanizado.

Os pais e nais que, querendo educar os seus fillos en galego, teñen moitas dificultades, sobre todo porque o sistema educativo non acompaña e ven como os cativos/as abandonan a súa lingua inicial para se converteren en monolingües en castelán. Resaltar que hai moitos factores externos que inflúen no desenvolvemento da lingua como os contidos de Internet ou da televisión, as crianzas están expostas ao castelán diariamente, sen opcións mínimas de galego. Cada ano vai en aumento o número de familias castelanfalantes, moitas nenas e nenos xa non teñen referencia da lingua galega na familia.

Moitas nais e pais galegofalantes diríxense ao neno/a en castelán; comprobamos que segue moi arraigado o prexuízo de que o galego é unha lingua que non ten tanta utilidade para o futuro dos nenos/as como o castelán, tamén que o galego é para acotío e o castelán emprégase en “situacións importantes”

7 É urxente que a Xunta comece a acompañar a crecente demanda de galego en todas as esferas da sociedade, nomeadamente no ensino. Desde A Mesa consideramos necesario:

- a) Avaliación da situación do galego no conxunto do ensino: a única avaliación das repercusións do decreto no ensino infantil foi realizada por entidades sociais como A Mesa, xa que a Xunta vulnera o seu propio decreto ao non avaliar periodicamente a situación da lingua no ensino.
- b) Retirada total do decreto, elaborando un novo que desta vez conte coas aportacións e o apoio da comunidade educativa, que dea á lingua galega o amparo que se lle nega na actualidade, e que permita que o galego deixe de ser na práctica unha lingua estranxeira no seu propio país.


Precísase implicación da Xunta na dotación básica de materiais didácticos en galego para a Educación Infantil, favorecendo a súa adquisición.

Datos por intervalos de poboación

1 Intervalo de poboación até 5 000 habitantes:

435.703 habitantes (16% da poboación galega)


Na distribución lingüística das aulas predomina maioritariamente o galego como lingua de ensinanza nun 64,38% dos centros. Maioritariamente en castelán nun 25,32%, e só o castelán como lingua de ensino nun 0,86% dos centros. O 9,44% dos centros asegura ter unha distribución idéntica.



2 Intervalo de poboación de 5 001 até 10 000 habitantes:

380.520 habitantes (14% da poboación galega)


Na distribución lingüística das aulas domina maioritariamente o galego nun 56,41% dos centros. O castelán como lingua maioritaria de ensinanza está nun 28,20% dos centros, e só empregan o castelán como lingua nun 0,86% dos centros. Os centros que aseguran ter unha distribución idéntica son o 14,52%.



3 Intervalos de poboación de 10.001 até 20.000 habitantes:

483.811 habitantes (18% da poboación galega)


Na distribución lingüística das aulas predomina maioritariamente o castelán como lingua de ensino nun 40,72% das aulas. O galego preséntase nun 35,93%, e só o castelán como única lingua de ensino nun 9,58% dos centros. O 13,77% dos centros asegura ter unha distribución idéntica.



4 Intervalos de poboación de 20 001 até 50 000 habitantes, centros públicos e privados:


430.712 habitantes (16% da poboación galega)

Na distribución lingüística das aulas domina maioritariamente o castelán nun 52,07% dos centros, e só o castelán como lingua de ensinanza nun 6,61%. Maioritariamente en galego nun 27,27% dos centros. O 14,05% dos centros asegura contar coa mesma distribución para as linguas.




5 Intervalos de poboación de máis de 50 000 habitantes, centros públicos e privados:
987 779 habitantes (36% da poboación galega)

7 cidades 2016/2017




7 cidades 2015/2016




Distribución lingüística das aulas

- Maioría galego
- Maioría castelán
- 100% castelán
- 50%


Materiais didácticos 2016/2017



Materiais didácticos 2015/2016




5.1 Lugo




Na distribución lingüística do curso 2016/17, maioritariamente galego como lingua de aprendizaxe está presente nun 12,50% dos centros. Maioritariamente en castelán noutro 12,50%, e só o castelán como lingua de aprendizaxe nun 33,33% dos centros. A maioría dos centros indica que intenta equipar a distribución de ambas as linguas, 41,66%.

O galego como lingua de aprendizaxe mantén un alto índice de utilización minoritaria, mais o número de centros que a empregan incrementouse nun 7,80%. O emprego do castelán como única lingua de aprendizaxe pasou do 0% no curso pasado a un 33,33%. Os centros que declaran empregar ambas as linguas por igual incrementouse nun 11,46%.


Materiais didácticos 2016/2017



Materiais didácticos 2015/2016




5.2 Ourense




Na distribución lingüística do curso 2016/2017, a lingua de aprendizaxe das crianzas é en castelán nun 48,28% dos centros, e maioritariamente en castelán nun 24,14%. Os centros que empregan maioritariamente o galego son un 17,24%. E o 10,34% dos centros asegura ter unha distribución idéntica.

Os centros que din empregar como lingua maioritaria o galego aumentou nun 11,14%, un aumento ínfimo. Os centros que só empregaban o castelán como lingua de aprendizaxe reduciuse nun 18,42%, máis esta baixada aumenta o número dos que declaran que empregan maioritariamente castelán, cunha suba importante do 18,04%. Os centros aseguran empregar ambas as linguas reduciuse nun 10,86%.


Materiais didácticos 2016/2017



Materiais didácticos 2015/2016




5.3 Pontevedra




Na distribución lingüística do curso 2016/17, un 31,82% dos centros emprega como lingua de aprendizaxe maioritariamente o castelán, e só en castelán un 27,27%. Ningún centro declarou que empregase o galego como lingua maioritaria. Un 40,91% dos centros manifesta tentan distribuir por igual ambas as linguas.

No curso 2015/2016 un 16,70% dos centros declaraba que empregaba o galego, actualmente reduciuse a un 0%. Os centros que expresan que intentan equiparar ambas as linguas aumentou nun 36,71%. A situación do castelán mudou, mais segue a ser a lingua dominante; os centros que declaran que só empregan o castelán como lingua de aprendizaxe reduciuse nun 47,73%, mais os que din que empregan o castelán maioritariamente aumentou un 27,62%.


Materiais didácticos 2016/2017



Materiais didácticos 2015/2016




5.4 Vigo




Na distribución lingüística das aulas no curso 2016/2017, só un 4,49% dos centros emprega maioritariamente o galego como lingua de aprendizaxe. O 55,06% dos centros expresan que empregan maioritariamente o castelán como lingua de aprendizaxe, e só castelán o 17,98%. O 22,47% dos centros declaran que intentan equiparar ambas as linguas.

Os centros que manifestan que só empregan o castelán como lingua de aprendizaxe descendeu un 20,84%, mais os que declaran que empregan maioritariamente castelán pasou dun 0% a un 17,98%. Os centros que expresan que intentan equiparar ambas as linguas continúa sendo ao redor do 22%. O galego manifestou unha suba ínfima dun 3,29%.


Materiais didácticos 2016/2017



Materiais didácticos 2015/2016




5.5 Santiago de Compostela




Na distribución lingüística das aulas no curso 2016/2017, o 28,57% dos centros manifestan que empregan maioritariamente o galego como lingua de aprendizaxe. Maioritariamente en castelán exprésase nun 60,71% dos centros, e só en castelán nun 7,14%. Os centros que declaran que empregan ambas as linguas é o 3,57%.

Santiago de Compostela é a única cidade na que o galego presentou unha certa suba dentro da súa precaria situación, pasando do 13,89% no curso 2015/2016 até chegar a un 28,57% no curso actual. Pola contra, os centros que empregaban o castelán como única lingua de aprendizaxe pasou dun 0% a un 7,14% este curso. A este 7,14% dos centros hai que engadirle os centros que teñen maioritariamente o castelán como lingua de aprendizaxe, que son un 60,71%. Os centros que declaran empregar ambas as linguas por igual mudou dun 8,33% a un 3,57%.


Materiais didácticos 2016/2017



Materiais didácticos 2015/2016




5.6 A Coruña




Na distribución lingüística das aulas no curso 2016/2017, o 59,46% dos centros emprega maioritariamente o castelán como lingua de aprendizaxe, e só en castelán un 29,73%. Os centros que expresan que empregan maioritariamente o galego como lingua de aprendizaxe son 2,70%. Só un 8,11% dos centros, expresa que equipara o emprego de ambas as linguas.

O curso 2016/2017 presenta un alarmante aumento do castelán como única lingua de aprendizaxe, un 29,73% dos centros, o curso pasado só representaba un 6,98%. O galego presentou unha suba ínfima dun 0,37%. E os centros que empregaban ambas as linguas buscando unha situación de equidade reduciuse nun 17,47% con respecto ao curso anterior. Actualmente o castelán domina un 90% dos centros desta cidade.


Materiais didácticos 2016/2017



Materiais didácticos 2015/2016




5.7 Ferrol




Na distribución lingüística das aulas no curso 2016/2017, non hai ningún centro que manifesta que empregue maioritariamente o galego como lingua de aprendizaxe. O 29,41% dos centros declaran que o castelán é a única lingua de aprendizaxe, e o 58,82% maioritariamente en castelán. O 11,77% dos centros manifestan que empregan ambas as linguas por igual.

O castelán segue a ser a lingua dominante, mais no actual curso un 29,41% dos centros afirma que só empregan o castelán como lingua de aprendizaxe, excluindo totalmente o galego, mentres que o curso pasado ningún centro manifestou que era a única lingua de aprendizaxe. É alarmante que o 88% dos centros empreguen maioritariamente o castelán como lingua de aprendizaxe e o galego continúe sen impartirse maioritariamente en ningún centro. Os centros que afirman equiparar ambas as linguas diminuíu un 5,63%.

Materiais didácticos 2016/2017



Materiais didácticos 2015/2016



Comparación global dos datos das 7 cidades co estudo sobre a lingua galega na educación infantil, no curso 2015/2016

| | Curso 2015/2016 | Curso 2016/2017 |
|----------------------------|-----------------|-----------------|
| Maioría en galego | 5,20% | 8,54% |
| Maioría en castelán | 36,43% | 33,33% |
| 100% castelán | 39,41% | 38,67% |
| 50% | 18,96% | 19,41% |

Na comparación da distribución lingüística das aulas dos cursos 2015/2016 e 2016/2017, observamos que se mantén a abafante exclusión do galego na inmensa maioría dos centros de Educación Infantil. O 76% dos centros realizan o primeiro ensino maioritaria ou exclusivamente en castelán, fronte ao 19% que manifesta tentar equiparar o uso de ambas as linguas.

No curso anterior só o 5,20% dos centros impartían clases maioritariamente en galego, este curso a porcentaxe incrementouse un 3,34% até chegar ao 8,54%. É unha suba ínfima con respecto ao curso anterior. Este incremento pódese explicar por unha maior concienciación da necesidade de recuperar a nosa lingua, por parte do profesorado e tamén de nais e pais cunha maior sensibilidade co tema.

Cómpre destacar negativamente o caso de cidades como Ferrol, A Coruña, Ourense, Lugo e Santiago de Compostela onde aumenta significativamente o número de centros que non teñen reparo en admitir que exclúen completamente o galego da docencia, actitude sintomática da situación de completo desamparo institucional que vive a nosa lingua. O descenso no número de centros que declaran ter como lingua exclusiva o castelán en Vigo e Pontevedra amortigua unha clara tendencia ao aumento significativo da exclusión do galego na Educación Infantil no conxunto das cidades.